

NOTA DE PRENSA

Gañadores e finalistas do I Concurso “Ignacio de las Cuevas” de creatividade artística

O Grupo Cuevas mostra en La Molinera a visión de 36 artistas galegos sobre a relatividade do tempo

As salas de La Molinera, en Ourense, acollerán a partir de hoxe e ata o 3 de xullo, as dúas obras gañadoras e os 34 traballos finalistas do Concurso “Ignacio de las Cuevas” de creatividade artística, nos que se mostra unha nova reflexión e unha orixinal mirada dos autores sobre a relatividade do tempo, empregando ata 18 técnicas diferentes e a través de distintos soportes gráficos.

As obras gañadoras e finalistas comporán unha exposición itinerante, que forma parte dos actos do 150 aniversario do grupo ourensán, e que permitirá mostrar a selección en espazos urbanos das principais cidades galegas, entre xullo e setembro, pechando o percorrido novamente en Ourense.

O acto de presentación da exposición contou coas intervencións de César Taboada, presidente do xurado do I Concurso Ignacio de las Cuevas de Creatividade Artística; o alcalde do Concello de Ourense, Jesús Vázquez; o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar; e, finalmente, con Artur Yuste, Director Xeral de Grupo Cuevas, que inaugurou oficialmente o espazo.

O coruñés Fernando Fernández Páez, designado como gañador do *Gran premio Ignacio de las Cuevas de creatividade artística*, e Inma Vilanova, gañadora da *Mención Especial Abanca Novos Talentos*, asistiron á presentación xunto cunha ampla representación dos artistas que asinan a selección de obras finalistas .

O xurado encargado de elixir os gañadores e que declarou deserta a *Mención especial Grupo Cuevas*, dotada con 2.500 euros, por entender que ningunha das obras cumpría as expectativas neste apartado, estivo presidido por César Taboada, director da Escola de Arte e Superior de Deseño de Ourense; Jaime Conde, presidente da Asociación Creatividade Galega e profesor no Máster en Estratexia Dixital, Márketing Online e Comunicación 2.0 de IFFE Business School; Antonio Suárez, artista e deseñador gráfico; e Artur Yuste, Director Xeral do Grupo Cuevas.

“O INSTANTE” galardoada co GRAN PREMIO IGNACIO DE LAS CUEVAS.



“SABA” galardoada coa MENCIÓN ESPECIAL ABANCA NOVOS TALENTOS.

